

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
E CONTRAPRODUCCIÓN

MEMORIAS DUN NENO LABREGO



Unha proposta teatral sobre o libro de
Xosé Neira Vilas



Desenho a partir do debuxo orixinal de Luis Seoane

texto e dirección **Cándido Pazó**

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal
centrodramatico.xunta.gal

Comunicación

Axencia Galega das Industrias Culturais
Cidade da Cultura de Galicia
Edificio Centro de Emprendemento
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal
industriasculturais.xunta.gal



MEMORIAS DUN NENO LABREGO





ÍNDICE

<i>Memorias dun neno labrego</i> Galicia cambiou, Balbino permanece Valentín García. Secretario Xeral da Lingua.....	7
<i>Outra versión teatral de Memorias dun neno labrego,</i> Cándido Pazó.....	9
Ficha artística.....	10
Funcións.....	11
Sinopse.....	12
Dirección.....	14
Texto orixinal.....	16
O elenco.....	18
O equipo artístico.....	28

MEMORIAS DUN NENO LABREGO GALICIA CAMBIOU, BALBINO PERMANECE

Valentín García | Secretario Xeral da Lingua

Memorias dun neno labrego de Xosé Neira Vilas son as memorias dun neno galego que, por ser cativo, permanece nunha visión moi sinxela dun mundo complexo, pero que ten sempre un aquel que lle rilla no pensamento: describe con mestría a Galicia do seu tempo, presume da súa condición de labrego, cuestiona as inxustizas sociais dos que coma el lles tocou nacer neste anaco do mundo, naquela sociedade profundamente rural, autárquica e emigrante. Ante todo isto non para de formularse preguntas que abren fiestras ao futuro, como fixo Sarmiento 200 anos atrás. Un bo exemplo é por que a lingua de seu, que é a lingua de todos os demais escolantes da aldea, non é tamén a lingua da escola.

Outro feito definitorio deste noso clásico é que nace das mans dun mestre do relato, o emigrante Neira Vilas que lle dá vida á parroquia de Gres (Vila de Cruces) facéndoa xurdir dende as entrañas da *Galicia ideal* de Castelao, en Bos Aires. Foi alí onde fixo xermolar a historia máis certa, sentida e emblemática da vida labrega, e naceu Balbino para un país e a súa diáspora ateigado de Balbinos, un rapaz de aldea e, sen dúbida ningunha, un dos personaxes máis coñecidos e influentes da nosa literatura. Con el, Pepe Neira foi quen de outorgar nas súas *Memorias* unha enorme dignidade aos labregos e por extensión, a todos os galegos.

Tal e como ten destacado o profesor Xesús Alonso Montero, estamos ante a novela máis lida da literatura galega, traducida a vinte idiomas. Un libro que foi chegando ás escolas, a traballadoras e traballadores das fábricas, aos galegos de Francia e Suíza, ás mans campesiñas, a moitos departamentos universitarios do mundo enteiro... Para miles de lectoras e lectores foi unha revelación. Por iso, Balbino hai tempo que deixou de ser un ninguén para atoparse na selecta galería dos personaxes universais que conforman unha parte do que hoxe designaríamos como marca Galicia Calidade.

Sesenta e cinco anos despois da súa publicación e dez anos do pasamento do autor, de centos de iniciativas desenvolvidas dende a Fundación Xosé Neira Vilas que el creou xunto coa súa inseparable compañeira Anisia Miranda e moitas outras institucións, a Xunta de Galicia por medio da Consellería de Cultura Lingua e Xuventude comeza o 2026 con esta magna produción concibida polo Centro Dramático Galego e Contraproducións. Poñemos no escenario o froito dun profundo estudo e traballo dirixido por Cándido Pazó. Cóstanos a súa destreza e coñecemento dende hai anos da obra *"neiraviliana"* así como da filosofía que nela subxace para garantir o éxito dun entorno cultural que, como queda dito, cumpre ademais un fin social.

Neira Vilas, que tanto valor lle deu á correspondencia epistolar como cordón umbilical das dúas Galicias, a territorial e a da diáspora, escribiulle ao seu neno o día que fixo cincuenta anos, no marco da exposición *Querido Balbino*. Esgarabellou nese xeito de falar que nos identifica aos do Val da Ulla, unha carta máis, esta sublime, na que lle outorgou á obra a alta dignidade de galega, universal e eterna:

O mundo cambiou moito. E tamén cambiou o pequeno mundo teu e meu, sucedéronse as xeracións, hai outras modas e tamén outros modos, outras cancións, outras palabras que se foron mesturando coa nosa fala, outros medios para saber o que acontece no mundo de lonxe, tan revolto coma sempre. Pero o esencial está como estaba. Permanece.



OUTRA VERSIÓN

TEATRAL DE *MEMORIAS*

DUN NENO LABREGO

Cándido Pazó | Texto e dirección

Hai 15 anos, con motivo do 50 aniversario da publicación de tan celebrado libro, levábase ao palco, en forma de monólogo, o primeiro espectáculo escénico baseado na popular novela de Xosé Neira Vilas.

Por que esta segunda experiencia? Porque o libro máis publicado, traducido e lido da literatura galega ben merece ser visitado numerosas veces e da man das máis diversas artes. Neste caso a teatral, que vén sendo a arte das artes, pois de todas elas se nutre. Porque é tal a riqueza de contidos, sentimentos, referencias e reflexións que contén ou provoca este libro, que cómpre dedicarlle sucesivas lecturas, como acontece con toda obra que, por convención social, acada a categoría de clásica. E *Memorias dun neno labrego* é iso a día de hoxe: un dos nosos grandes e máis populares clásicos literarios.

E, certamente, porque nestas datas hai dez anos que nos deixou o seu autor, a quen, con motivo de tan sentida efeméride, queremos facer a debida e merecida homenaxe.

Así, se aquela primeira visita escénica se concretaba nunha efectiva pero sinxela fórmula unipersoal na que se combinaban recursos da narración oral e do teatro, esta proposta de agora pon en pé un espectáculo de maior e máis ambicioso formato que, contando coa presenza de sete actores e actrices, se inscribe de cheo nun inequívoco territorio teatral.

Un espectáculo vivo e dinámico que se articula como un concerto de emocións: as emocións argumentais que suscita a atribulada historia do neno Balbino, protagonista do libro; as emocións profundas que derivan da memoria común de herdeiros dun tempo e un mundo rural que aínda resoa na nosa alma colectiva; e as emocións máis inmediatas e epidérmicas que xera o propio xogo teatral (con todos os seus signos: interpretativos, plásticos, lumínicos e musicais), o humor e a comunicación directa co público.

FICHA ARTÍSTICA

Texto teatral e dirección escénica: **Cándido Pazó**

Texto orixinal: **Xosé Neira Vilas**

Elenco

Xúlio Abonjo
Manuel Cortés
Iris Darriba
Mónica García
Federico Pérez Rey
Santi Romay
Ana Santos

Equipo artístico

Iluminación
Escenografía, *atrezzo* e proxeccións

Vestuario e caracterización
Axudantía de dirección
Música orixinal
Asistencia de produción

Realizacións

Escenografía e *atrezzo*

Vestuario

Coordinación e corrección
de textos
Fotografías e vídeos

Cartel
Deseño gráfico
Accesibilidade

Adaptación a lingua
de signos e audiodescrición

Afonso Castro
Pablo Giráldez
"O Pastor"
Martina Cambeiro
Belén Pichel
Xosé Lois Romero
Mariña Lestón

Equipo técnico do CDG
e Pablo Giráldez "O
Pastor"
Equipo técnico do CDG
e Martina Cambeiro

Rosa Moledo
Miramemira
Rocío Cibes
OLS
Trisquelia
Culturactiva S. Coop.
Galega

Chusa Pérez de Vallejo

Centro Dramático Galego

Dirección
Produción
Axudantes de dirección,
promoción e imaxe

Axudante de produción
Xestión
Comunicación

Subalterno
Publicacións

Equipo técnico Centro Dramático Galego

Técnico de iluminación
Asistente de iluminación
Técnicos de son

Auxiliar de son
Encargado de
estrutura escénica
Tremoias

Encargado de talleres
Xastras

Limpeza

Equipo técnico Contraprodución

Técnico de iluminación
Técnico de son e proxeccións

Fran Núñez
Francisco Veiga

Ana Balado Fontenla
e Daniel Docampo
Roi Rodríguez
Óscar M. Latas
Ana Miragaya
e Ana Rosales
Alfonso Codesido
Marcelina Calvo

Juanjo Amado
Biqui Cabado
Antonio G. Budiño
e Guillermo Vázquez
Hugo Peñamaría

Salvador Forján
Rubén González,
Antonio Mayo,
Óscar Ortega,
Xaquín Rei,
Suso Rodríguez
e Elixio Vieites
Fernando Rodríguez
María Negreira
e Mónica Varela
Marisol Pérez

Afonso Castro
Nacho Martín

Agradecementos:

Fundación Xosé Neira Vilas,
Asociación Veciñal Unión e Progreso de San Xián de Sales, Suso
Vaamonde, Montserrat García Torres e Santiago Neira Gómez

FUNCIÓN

Santiago de Compostela. Salón Teatro

Estrea

Xoves 8 de xaneiro ás 18.00 h

Funcións

Do 9 ao 25 de xaneiro e do 11 ao 15 de febreiro de 2026
De mércores a domingo ás 18.00 h

Xira inicial

Do 26 de xaneiro ao 8 de febreiro e do 16 ao 22 de febreiro de 2026

Duración

105 minutos. Espectáculo recomendado para todos os públicos

Medidas de accesibilidade

Interpretacións a LSE, audiodescrición, subtítulos para o teléfono e funcións descontraiadas*



*Todos os mércores ás 18.00 h. Unha sesión cunha atmosfera acolledora con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.

Venda de entradas

Despacho de billetes do Salón Teatro (rúa Nova, 34)

Dúas horas antes de cada función

Venda anticipada en liña

Ataquilla.com

Prezo das localidades

10 euros

Descontos

40% Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e integrantes da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC).

40% Día do Público (domingo): 6 euros.

Programa de mobilidade

Sobes ao autobús do teatro? Servizo gratuito de autocares para achegar os concellos galegos ao Salón Teatro.

SINOPSE






Balbino é un neno de aldea, fillo de labregos pobres, que medra nun mundo de silencios, traballo e obediencia. Neste espectáculo, seguimos a súa voz sincera e sensible mentres narra a vida cotiá nunha aldea galega dos anos corenta: a escola, a familia, os soños frustrados, as inxustizas sociais e o desexo constante de fuxir dun destino xa escrito.

A historia desenvólvese a través dunha serie de lembranzas que van desde a tenrura da infancia ata a crúa conciencia das desigualdades. O espectáculo dálles vida aos episodios máis representativos da novela de Neira Vilas: o maltrato escolar, a perda do amigo ou dun animal querido, a frustración do primeiro amor, a dureza do traballo, a emigración, a represión da expresión, e a tristura de sentirse diferente nun mundo que non admite preguntas; pero tamén os costumes e celebracións festivas da aldea, e as esperanzas e alegrías que, a pesar de todo, ofrece a vida.

Nesta nova versión teatral do clásico de Neira Vilas, a memoria persoal do neno labrego preséntase como unha memoria colectiva, a desa Galicia rural que se foi diluíndo ou transformando, nun espectáculo que pon en primeiro termo a emoción, pero tamén o humor e a relación directa e amena co público.

A man with curly grey hair and black-rimmed glasses stands in the foreground of a theater. He is wearing a dark, textured cable-knit sweater and holding a blue pen in his right hand, gesturing as if speaking. The background shows rows of empty, light-colored theater seats under warm, dim lighting. A small green light is visible in the upper center of the frame.

TEXTO TEATRAL E DIRECCIÓN



CÁNDIDO PAZÓ


Cándido Pazó (San Paio de Navia, Vigo, 1960) é dramaturgo, director teatral, actor e narrador oral.

Autor de 25 pezas orixinais, todas estreadas, entre as que figuran *A Piragua*, *As do peixe*, *O bululú do linier*, *García*, *Vida de cans*, *Foucellas*, *Fillos do sol* e, publicadas este mesmo ano, *Apaga o candil* e *O proceso*.


Entre as moitas adaptacións que asinou poden citarse as moi galardoadas *Commedia*, *Nano* ou *A galiña azul*. Mención especial merece o monólogo teatral que, protagonizado por el mesmo, supuxo un primeiro achegamento escénico ao libro *Memorias dun neno labrego*, nun espectáculo do que se realizaron unhas 200 funcións. Os seus últimos traballos neste campo foron *A peste*, sobre a novela de Albert Camus, ou *Cigarreiras*, versión teatral de *La Tribuna* de Emilia Pardo Bazán, que acadou un gran éxito nos teatros de toda a Península.

Como autor, adaptador ou director, escribiu ou realizou postas en escena para un gran número de compañías: Talía Teatro, Tanxarina Títeres, Teatro do Malbarate, Teatro do Noroeste, CDG, Teatro de Adro, Teatro do Atlántico, Teatro de Ningures, A Escola da Noite de Coimbra ou Canadayr Théâtre de Bruxelas. Foi fundador, así como director de escena e autor titular, de estruturas de creación escénica como Tranvía Teatro, Ollomoltranvía ou, na actualidade, Contraproducións.

As súas pezas recibiron varios premios Max e numerosos María Casares. Pola súa traxectoria é Xograr de Outono do FIOT de Carballo, Premio Vidal Bolaño da MIT de Ribadavia, Premio Xiria da MITCF de Cangas e Premio da Cultura Galega.



TEXTO ORIXINAL

A portrait of Xosé Neira Vilas, an elderly man with white hair and glasses, wearing a white shirt. The background is a solid red color. The text 'XOSÉ NEIRA VILAS' is overlaid on the right side of the image.

XOSÉ NEIRA VILAS


Xosé Neira Vilas (1928–2015) foi un escritor galego fundamental da literatura contemporánea. Naceu en Vila de Cruces (Pontevedra) e a súa obra está profundamente marcada pola infancia no rural galego, pola emigración e pola memoria persoal e colectiva. En 1949 emigrou a Bos Aires, onde desenvolveu unha intensa actividade cultural en defensa da lingua e da cultura galegas, colaborando con diversas iniciativas editoriais e asociativas.

A súa obra máis coñecida, *Memorias dun neno labrego* (1961), está narrada en primeira persoa desde o punto de vista dun neno do campo e converteuse no libro máis lido da literatura galega. Traducida a varias linguas, é unha referencia imprescindible pola súa sinxeleza, fondura humana e capacidade para retratar a vida rural galega da posguerra. Ao longo da súa traxectoria publicou narrativa, literatura infantil e xuvenil, ensaio e poesía, sempre cun forte compromiso coa identidade galega e coa dignificación da cultura popular.

Neira Vilas regresou a Galicia nos anos noventa e continuou vinculado á vida cultural do país ata o seu falecemento. A súa obra permanece como testemuño esencial dunha época e como voz literaria da infancia, da memoria e do mundo labrego galego.



O ELENCO



XÚLIO ABONJO



Comeza a facer teatro en Pontevedra, na compañía Bacharel, baixo a dirección de Anxo Lourido e durante os seus anos universitarios forma parte da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, que dirixe Roberto Salgueiro.


Inicia a súa carreira profesional como actor na montaxe do Centro Dramático Galego *A burla do galo*, de Roberto Vidal Bolaño, baixo a dirección de Xan Cejudo.

Continuará unha extensa carreira no eido audiovisual con series como *Cuestión de sexo*, *Fariña* ou *Serramoura*. Tamén traballa en curtametraxes, películas para televisión como *Malencolía* e longametraxes cinematográficas como *Ons*, *El año de la garrapata* ou *Encallados*.

En teatro, actúa para diferentes compañías como Redrum, Contracontos e Bacana.

Cursou estudos de Arte Dramática na Universidade de Santiago de Compostela, onde tamén realiza un posgrao de especialización.

MANUEL CORTÉS



Chega ao teatro desde a poesía.

A súa carreira empeza profesionalmente alá polo ano 1992 cando se incorpora ao grupo teatral Chévere e se vincula á Sala Nasa de Santiago de Compostela.

Como actor teatral desenvolve multitude de papeis en case todas as producións da compañía Chévere, así como en varias montaxes do Centro Dramático Galego: *As dunas* (2009), *Recortes, caneos e outras formas de driblar* (producida con Ainé na temporada 2022-2023) e *Os actos e as profecías* (2024). En xaneiro de 2025 estrea o espectáculo titulado *O último home* que crea, escribe e protagoniza, acompañado en escena pola DJ de música electrónica Marta Gilino DJ-Russ.

No ámbito audiovisual, actúa como protagonista en series galegas como *As leis de Celavella*, *Pepe O Inglés* e *O sabor das margaridas*, así como noutras a nivel estatal como *El Ministerio del Tiempo*, *El tiempo entre costuras* ou *Anatomía de un instante*. Tamén en longametraxes como *O ouro do tempo* ou *Rafael*.

IRIS DARRIBA



Iris Darriba é unha artista plástica e actriz galega formada dende 2012 en diferentes escolas de interpretación de Galicia e Madrid. Actualmente compaxina o seu traballo de actriz para televisión, cine e teatro, co de dobraxe de ficción, documentais e ficción sonora.

Apareceu por primeira vez en televisión no ano 2017 encarnando a personaxe de Emilia dentro do reparto da serie *Serramoura*, producida por Voz Audiovisual para a TVG, e ampliou esta intervención na súa *spin-off*, *A lei de Santos* (2020), cun total de 18 capítulos. Entre os seus traballos máis recentes atopamos papeis nas series *El caso Asunta* (2024), de Bambú Producciones para Netflix; *Los Enviados* (2022), de Juan José Campanella para Paramount+ e Skyshowtime, e *Valeria* (2020), dirixida por Inma Torrente e producida por Plano a Plano para Netflix.

É integrante da compañía teatral Fauna 113, residente na Sala Ártika de Vigo dende 2015, coa que traballa actualmente na súa terceira montaxe, *Os veciños do lado*, dirixida por Marcos Alonso e Fernanda Barrio (Ártika Cía).

A portrait of Mónica García, a woman with long brown hair, wearing a light-colored button-down shirt. She is smiling slightly and has her arms crossed. The background is a dark, textured wall.

MÓNICA GARCÍA

Intégrase no Grupo Chévere no ano 1990, participando en espectáculos como *Río Bravo*, *Big Bang* ou *Cabaré Tan Tan*, entre outros, e acompañando os inicios da Sala Nasa. Coa mesma compañía, tamén formou parte do elenco de *Citizen*, *Eurozone*, *Viaxe ao país dos ananos*, *Nevermore* e *As fillas bravas*, aínda en xira. É tamén integrante do equipo base das Ultranoites.

Ao longo da súa carreira profesional realizou numerosos cursos de formación e traballou con outras compañías como Compañía Marías, Espello Cóncavo, CDG e CDN, Ollomoltranvía, Factoría Teatro, Redrum Teatro ou Butaca Zero, coa que actualmente está a representar *Iribarne*.

No eido audiovisual ten interpretado personaxes fixas na serie *Pratos combinados*, *Valderrei*, na que foi protagonista, ou *Lobos e cordeiros*, ademais de lle dar vida a numerosas personaxes episódicas en moitas da series da televisión autonómica.

En cine, participou en películas como *As liñas discontinuas*, *A esmorga*, *Para que no me olvides*, *Os luns ao sol*, *O lapis do carpinteiro* e *Tralovento*, esta última pendente de estrea.

Finalista en oito ocasións ao premio a mellor actriz nos María Casares, gañouno en tres delas. As súas interpretacións valéronlle tamén recoñecementos no Festival de Curtametraxes de Sada e no Festival de Teatro Galego do Carballiño, así como o Premio Agapi como mellor intérprete feminina.

FEDERICO PÉREZ REY



Nado en Alemaña en 1976, medra e críase en Mazaricos.

Cursa estudos de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago de Compostela, traballando logo como asesor lingüístico en series como *Mareas vivas* e *Terra de Miranda*, e en películas como *Mar adentro*.

Tamén desempeñou labores como guionista en series de televisión como as mencionadas anteriormente, mais actualmente a súa principal ocupación é a de actor.

No teatro puidemos velo en espectáculos como *O florido pénsil* e *A leituga*, de Eme2, ou *O montacargas*, de Ainé Producións.

Participou, así mesmo, en filmes como *Cuñados*, *Encallados* ou *As bestas*, así como en series de televisión como *Era visto* ou *Padre Casares*.

A portrait of Santi Romay, a man with dark hair and a slight beard, wearing a light-colored button-down shirt. He is standing with his arms crossed against a dark, textured background. The image is split horizontally, with the top half showing him from the chest up and the bottom half showing him from the waist down, with the bottom half being a lighter, more ethereal version of the same image.

SANTI ROMAY


Actor e produtor, Santi Romay é titulado en Pedagogía Teatral.

Comeza a súa andaina profesional moi novo en series televisivas como *Mareas vivas*, á que seguirían *Matalobos*, *Auga seca*, *Miña sogra e máis eu*, *Os Atlánticos*, *Casa Manola*, *Serramoura* ou *El caso Asunta*, entre outras.

Como actor de teatro participou en montaxes de recoñecidas compañías como Producións Teatrais Excéntricas ou Contraproducións, ademais de formar parte en diferentes ocasións do Centro Dramático Galego.

Foi finalista dos premios María Casares en varias ocasións, acadando os de mellor actor protagonista e mellor actor secundario.

ANA SANTOS



Popularmente coñecida polos papeis de Pitusa na serie de Televisión de Galicia *Mareas vivas* e de Elsa en *Padre Casares*, Ana Santos inicia a súa actividade profesional como actriz de dobraxe en 1985 co nacemento da canle autonómica.

Logo dunha longa formación en diversos eidos escénicos, funda a súa propia compañía, Alba Teatro, coa que debutou en *As criadas*, de Jean Genet (1996).

Desde entón seguiu traballando ininterrompidamente en teatro, á vez que compaxinaba o seu labor interpretativo co de actriz de dobraxe. Algunhas das compañías para as que actuou foron Espello Cóncavo, Rara Avis Teatro ou Contraproducións, en obras como *O tolleito de Inishmaan* ou *Cigarreiras*, ademais de para o Centro Dramático Galego nos espectáculos *Xardín suspenso* ou *Os actos e as profecías*.

Colabora tamén de xeito habitual con Teatro Galileo, baixo a dirección de Pedro Rubín, en montaxes como *Caprichos de Cervantes*, *Ruzzante*, etc. Na pequena pantalla, ademais de actuar nas devanditas *Padre Casares* e *Mareas vivas*, deulle vida a Leocadia en *As leis de Celavella*, e participou en *Viradeira*, *A estiba*, *Fariña*, *El desorden que dejas*, *Libro de familia* ou *Ágata y Lola*.





O EQUIPO ARTÍSTICO



AFONSO CASTRO

Deseño de iluminación

Artista autodidacta e multidisciplinar, desenvolve os seus traballos en diversas áreas que van desde os deseños da luz ata as programacións de códigos visuais, tocando todos os paus escénicos, con maior profusión no teatro e na danza contemporánea.

Actualmente traballa coas compañías Contraproducións, Pisando Ovos, Laboratorio_escénico e unha diversidade de artistas de distintas disciplinas, tanto en Galicia coma no estranxeiro. O seu extenso traballo abarca máis de 200 proxectos ao longo de case catro lustros.

Foi nomeado e galardoado en diversos certames polo seu traballo como iluminador. Conta con tres premios María Casares ao mellor deseño de iluminación con obras como *A piragua* (2008) e *Xardín suspenso* (2016), do Centro Dramático Galego, e *O tolleito de Inishmaan*, de Contraproducións e FIOT de Carballo.

PABLO GIRÁLDEZ "O PASTOR"

Escenografía

Artista gráfico e escenógrafo, a súa obra gráfica abrangue numerosos deseños e series de carteis para festivais no ámbito da cultura, así como deseños de discos para varios colectivos e grupos como Talabarte, A Central Folque, Os Cempés, Radio Cos, Fred Martins, Juan Belda, Malvela, Emilio Rúa, Utreia, Marful, Guadi Galego, Ugía Pedreira, Carapaus, Chouteira ou Baamonde, Lamas e Romero.

Traballa no eido dos libros ilustrados para Editorial Galaxia, Editorial Kalandraka e Boa Música.

Desde o ano 1995 participa en numerosas exposicións de arte por toda Galicia, amosando o seu traballo máis persoal cos proxectos *O pastor moito traballa*, *Almanaque agrícola* e *Acordaros de nosotras*.

Realiza e diseña escenografías para espectáculos de compañías de teatro galegas como Contraproducións, Malasombra Teatro, Tanxarina Títeres, Producións Teatrais do Sur, Teatro do Morcego, Teatro de Ningures, Berrobambán, Ibuprofeno Teatro, Compañía Miro Magariños, Factoría Teatro, Fulano, Mengano e Citano, Chévere, Teatro Miraquenvén ou Educa Teatro. Para o Centro Dramático Galego diseña as escenografías de *A comedia do gurgullo* e *O charco de Ulises*.

MARTINA CAMBEIRO

Vestuario e caracterización

Realiza traballos de deseño de vestuario e maquillaxe en Talía Teatro, compañía da que forma parte desde os seus inicios, participando en numerosos espectáculos como *A secreta obscenidade de cada día*, *Soños dun sedutor*, *Supermáis*, *E ti quen vés sendo?*, *Volpone*, *Demolición*, *Ubú Rei*, *Servidor de dous anos*, *Vida de cans*, *Morte accidental dun anarquista*, *Inimiga do pobo* ou *Un deus salvaxe*.

Colabora tamén con outras compañías, entre as que figuran Contraproducións, coas caracterizacións en *O tolleito de Inishmaan* e *Fillos do sol*, e o vestuario e caracterización en *Cigarreras* ou *Entrega en man*. Ademais, traballou co CDG na caracterización en *Xardín suspenso*, así como no vestuario e caracterización de *A peste*.

Como maquilladora chega a ser finalista dos premios María Casares ata en nove ocasións, resultando premiada polo traballo realizado nos espectáculos de Talía Teatro *Servidor de dous anos* e *Vida de cans*. No caso do vestuario, resultou finalista en tres ocasións.

MARIÑA LESTÓN

Asistencia de produción

Actriz e traballadora cultural, é graduada en Interpretación Textual pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Complementa a súa formación co posgrao de Xestión e Innovación Cultural da Universidade de Santiago de Compostela.

Traballou con diferentes compañías do panorama teatral galego, como Grupo Chévere, ademais de como docente nas agrupación escolares de Galeatro. Iníciase no eido da produción desenvolvendo diversos proxectos culturais propios, como *O faladoiro de escénicas* para a Radio Neria, ou obras teatrais como *Adolescentes*, *Dende o baleiro ás ondas* ou *Costa da Morte: Cartografía dun naufraxio*, esta última coproducida en 2025 co Centro Dramático Galego. En todas elas a dramaturxia, dirección e interpretación, así como a produción anteriormente mencionada, corren ao seu cargo.

XOSÉ LOIS ROMERO

Composición musical

É un dos nomes fundamentais na evolución da música galega nas últimas décadas.

Acordeonista, percusionista, compositor, produtor, divulgador e docente a partes iguais, a súa traxectoria está vinculada a algúns dos nomes e momentos máis destacados da historia recente da música en Galicia, que inclúen dende os seus propios proxectos (Lelia Doura, Nova Galega de Danza, Vaamonde, Lamas e Romero, A Cada Canto, Grupo de Música Tradicional da Xunta de Galicia, AccordTrio, Aliboria...) ata a colaboración con outros artistas (Mercedes Peón, Fuxan Os Ventos, Baiuca, Leilía, Guadi Galego, Xabier Díaz, Radio Cos, Orquestra de Jazz de Galicia, Azougue, Kepa Junquera, Coetus, Jane Joyd...) e a participación en espectáculos escénicos (*Ovay, O quiosco das almas perdidas, Gharbo, Ball-Cans, O charco de Ulises, A serie clopen...*), pasando por diversas publicacións divulgativas (*Pel e madeira, Doce polainas enteiras, De pano sedán, Galeoke...*).

Galardoado en numerosas ocasións, é posuidor de tres premios Martín Códax da Música.

BELÉN PICHEL

Axudantía de dirección

Con estudos en Historia da Arte e posgraduada no Curso de Experto Universitario en Xestión Cultural na Universidade de Santiago de Compostela, comezou a súa traxectoria profesional nas artes escénicas en 2004 con compañías como Teatro do Adro, Talía Teatro ou o Centro Dramático Galego.

Combina o labor de produtora co de distribuidora, axudante de dirección e representante de artistas.

En 2010 montou a súa primeira produtora, Abrapalabra Creacións Escénicas, coa que produciu espectáculos como *A piragua, Historias tricolores, Memorias dun neno labrego, Decameron, As do peixe* ou *Ra ra ra*.

En 2016 desenvolveu un proxecto máis persoal coa creación de Contraproducións, poñendo en escena obras como *O tolleito de Inishmaan, Nacidas libres, Fillos do sol, Commedia, A compañeira de piso, O electo* ou *Cigarreiras*.

Foi presidenta da Asociación de Empresas de Artes Escénicas Escena Galega de 2015 a 2020, e tamén formou parte da Comisión de Xestión Cultural do Consello da Cultura Galega.







centrodramatico.xunta.gal

 [cdg.salonteatro](#)

 [cdg_salonteatro](#)

 [centrodramatico](#)



CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO